RIBEIRA

Ribeira é a terra que a viu nacer, que a viu pasar polos distintos estados e idades, e que a acollerá no descanso definitivo baixo as arbores xigantes do vello cemiterio. Aquí, xusto onde agora imaxinamos que manipula o peixe, había unha praia onde a súa xuventude tivo unha explosión moi controlada, case ás escapadas, nos tempos en que todo ulía a incenso e poñía medo.

O seu namorado, que lle poñemos oficio de mariñeiro, chegaba a romper o día despois de cercar peixes humildes e saborosos. Cando ela oía desde a cama a buguina da lonxa sentía a urxencia de velo para espantar negros pesadelos de escuma branca. Viña nunha baca azul con nome de muller que axudaba a compoñer o cadro mariñeiro do porto. Co namoramento fraguaron, tamén, a ilusión da fartura.

Conserva a imaxe do seu capitán na chalana collendo a caldeirada no Touro e os paseos a tardiña polo Malecón, cada un coas súas ilusións da vida fixadas nas imaxes fermosas e temibles do mar.

Imos imaxinar, nós, que na actualidade viven nun piso que foi troco forzado pola pequena casa mariñeira herdada; onde os lugares da infancia que agora, de xubilados, recordan con máis intensidade, desapareceron acubillados polo urbanismo devastador da especulación.

Agora, o nome do novo barrio, incorporouse á identidade co alcume familiar que tamén herdou. O seu mariñeiro, fará vida social nas tabernas e contemplará saudoso a inmensidade do mar mentres ela atende o fogar ou pasea coas amigas. Os dous botan a partida nos xubilados. Para rematar o imaxinario: a filla maior rexenta a peixería, os demais fillos, estudaron e pensaron que podían cambiar o mundo, antes de acadar prazas de funcionarios en Compostela.

Estoutra, tivo unha vida laboral intermitente na conserveira, unha vida laboral inestable que ameazou permanentemente o seu sustento, mentres as novidades tecnolóxicas ían perfeccionando a cinta á que todas serven como a unha deidade. A cinta que avanza sen pararse nunca, coma o tempo,

facéndose cada vez máis autónoma para mellorar beneficios. Un paradoxo de cadea que se serve do progreso para aumentar desemprego. Ela sacaba a parte exterior e escura da carne dos túnidos para encher as latas, cando engrosaba as estatísticas de persoal activo e contaba como custo de produción.

Vive nunha aldea das aforas que mira ao mar protexida pola serra, nunha casa arranxada ás horas polo seu home que traballa poñendo ladrillos nas estadas modulares da especulación; nun mercado tan imprevisible coma o seu futuro.

Para completar o carácter común da personaxe, supoñemos que ten un rapaz e unha rapaza, que non estudaron e comezaron cedo a traballar en algún oco do sector servizos, ou pode que anden á descarga, ou de volta das illas Canarias agora que estoupou a burbulla.

Agora está niso que chaman clases pasivas. É memoria viva da industria conserveira desta vila con título de cidade, da historia que non se conta a si mesma.

Aqueloutra, agora, vive en Ribeira e sente por veces ansia por ir ás orixes, á aldea que nunca deixou de ser súa, pero á volta, na Conlleira, emocionase coa visión do mar, das illas e o lado Sur da ría pintadas no azul mariño. Os barcos anuncian unha vila con industria conserveira nun porto de baixura dos importantes de Europa. A ela probablemente lle chegue só o consumo de peixe "fresco a saltar".

A memoria, que agora se lle aclara pola parte máis remota, tráelle ao seu compañeiro cando aprendía o oficio, probablemente de canteiro, e viña vela dous días á semana desde a súa aldea no interior do Barbanza. Imaxinemos que ela era do litoral e el do interior, el dunha casa labrega onde nunca faltaba a boroa nin o leite e ela da costa onde non faltaban sardiñas nin burases. Dous mundos que, en certo modo, se envexaban e se complementaban co intercambio: as sardiñas viaxaban ao interior por cuncas de millo e o millo viaxaba a costa por peixe.

Xuntáronse, un supoñer, cada un cos seus recordos e falares de medo, moi secretos e desconfiados; xuntáronse, coas súas imaxes de mar e terra, en algunha parte do Barbanza; poñamos que na romaría da Madanela, onde as augas de Enxerto caen ao río Sieira en fervenza; na fraga que agora resiste digna aos eucaliptos invasores e que custodia a capela e o seu recordo namorado. Aínda conservan na memoria os paseados criminalmente asasinados pero, a Madanela, convocou aos seus corpos algo esfameados á festa do namoramento e foi acocho de emocións e confidencias.

Para verse, el chegaba pola estrada de croios na bicicleta aguantando os envites coas súas mans de granito, ela agardábao con discreción e, xuntos, paseaban e miraban o mar de Arousa.

El era canteiro pero iría aos bacallaeiros de Santurce perseguindo o ronsel da subsistencia, ela costureira, daba puntadas finas a domicilio.

Un día, mirando desde a Conlleira, Ribeira chamounos e sentírona propia. Compraron solar, fixeron casa e crearon fogar. El seguiu a navegar lonxe para pagalo, ela sacou a familia adiante mentres incorporaba o barrio ao seu nome: poñamos que Lela, ou Cipriana, ou Pacucha; a de Banda ó río, a do Touro ou a da Ameixida...

Baixo un réxime de tricórnios, viviron unha compaña a distancia que se parecía moito a soidade.

Ribeira está formada e sostida por mulleres e homes que merecerían a súa homenaxe particular na súa memoria. Moitas mulleres e moitos homes que non son distintas doutras mulleres e outros homes do país, viviron despois da traxedia da guerra que segou a vida e as vidas, a cultura a liberdade e a lucidez. Viviron o tempo no que as mentes arrecruaron co medo, o tempo no que o pobo perdeu o orgullo, a conciencia e, ata a memoria, para vivir ausente de si mesmo.

Moitas mulleres e homes que sobreviven no incerto benestar coa esperanza de que a luz do amencer mariñeiro entre polos rueiros estreitos. Son anónimas protagonistas que construíron fogar e deron vida a esta vila na fábrica, no

mercado e na rúa; que miran para os monstros de cemento mentres crean espazos de lecer onde poden.

Habituados xa a vivir xuntos a tempo completo, despois de que eles andaran os seus mellores anos polos mares ou deixando a súa pegada invisible en terra, pasean sos no roubado ao mar e reciben chamadas telefónicas dos fillos que tamén, o ronsel da subsistencia, levou polos seus camiños de lonxe.

A noite deixou de ser de pedra pero o amencer chegou con brumas, tamén nesta estribación meridional da serra do Barbanza que cae ao mar. As brumas que tapan o sol da xustiza e constrúen espazos de marxinación, o crecemento a calquera prezo, a especulación que creou o balado de monstros que impiden a Ribeira mirar ao mar; o seu lugar natural de mirar.

Na fachada, a vida axítase nos paseos, nas terrazas e nos negocios; onde as oficinas das entidades financeiras teñen o seu hábitat. Detrás, as fendas do sistema, mandan residuos de barcos abandonados para desgaxe cargados coas vítimas e veñen, tamén, as facturas dos naufraxios.

Todo se move e remove nesta vila privilexiada da natureza con moita historia e moi longas raíces; de paisaxes para impresionar, de recunchos protectores e miradoiros luminosos como é a xente mariñeira, con lonxa de transaccións millonarias e mariñeiros curtidos, de vida folgada e vida apertada. Todo nesta Ribeira de rueiros desiguais que entrecruzan as vidas e constrúen unha identidade algo esquizofrénica.

Saefes, o celta lendario que petrificou moas e queixada en illotes máxicos, por quererse quedar con Forcadiña, descendeu en Noro e, o fidalgo coa serea descendeu nos Mariño. Noro e os Mariño, habitan no patrimonio lendario e os seus descendentes dilúen a querencia polo seu na corrente toldada de sempre.

Menos mal que, estas mulleres e estes homes, desde as mesmas orixes do pobo, nos trouxeron nas alforxas o noso ser. O ser desta Ribeira extraordinaria que amamos; desde o mar aberto de Aguiño e Currubedo ás ondas suaves de Coroso e Palmeira, desde o silencio da manada salvaxe na serra ós chíos das aves nas augas calmas de Carregal e Vixán, desde a bravura de Aguiño e a celebración colectiva da Festa da Dorna á poxa de frescura na lonxa de Ribeira, desde as cantigas que nos levan a pandeireta que nos move;

espantando as pantasmas de que toda a sabedoría que nos chegou coma un agasallo da memoria se extinga, como se extinguiron os burases.

Mentres tanto, as nosas e os nosos protagonistas, que pasean por esta vila-cidade, agasallando as risas da ledicia luminosa do mar, agachan temores fronte a residencia de asistidos.

Novelín